



*club alpino
ourensán*

Información e Normas de uso do rocódromo do Pavillón dos Remedios polos/as socios/as do Club Alpino Ourenseño

REQUISITOS

1. Para a utilización desta instalación requírese estar en posesión da **licencia federativa de montañismo en vigor e ser socio do Club Alpino Ourenseño**. Todos/as os/as usuarios/as, **deberán levar ao rocódromo a tarxeta federativa e documento nacional de identidade que deberán amosar no caso de que lles sexa requirido**.
2. Para facer uso das instalacións do rocódromo as persoas usuarias cubrirán o **Formulario de inscrición** correspondente dispoñible na web do Club www.clubalpinoourensan.es
3. **Ter cumpridos os 18 anos de idade**. Os menores de 18 anos poderán facer uso do rocódromo sempre acompañados dun adulto responsable, que ao igual que o menor deberá ser socio do Club e estar federado.
4. Todo o material que se empregue achegado polo usuario deberá cumprir as **normativas de seguridade e homologación**. Serán de uso obrigatorio: roupa e calzado deportivos, corda de escalada, arnés de escalada, mosquetóns, aparello de freo e cintas para seguros, pes de gato e casco. Pode empregarse magnesio líquido.
5. O horario de apertura poderá ser suspendido ou modificado no suposto de que exista algunha actividade na pista central que así o aconselle tales como competicións ou outros eventos deportivos.
6. En todo caso, sobre o uso particular das instalacións do rocódromo por parte dos/as socios/as, terá sempre preferencia a realización dos cursos de formación en escalada que se impartan dende o propio CAM e que necesariamente impliquen dispoñer das vías de escalada dispoñibles.

NORMAS DE USO

1. A persoa deportista que faga uso destas instalacións **deberá coidar o bo uso das mesmas, mantelas limpas e respectar aos demais usuarios/as**.
2. En todo momento, deberán observarse as **normas, elementos e técnicas de seguridade**. En ningún caso está permitido escalar vías sen corda nin asegurador.



*club alpino
ourensán*

3. **Non poderá haber máis dunha cordada na mesma vía, nin poderán establecerse cruces de cordas de seguridade de diferentes parellas.** Os descolgues ou reunións non poderán ser empregados por máis dunha cordada de forma simultánea.
4. O puntos de reunión e descolgue están destinados a evitar as consecuencias dunha caída accidental e non para deter caídas ou voos voluntarios. É **obrigatorio o emprego de todos os puntos de seguridade** sen evitar ningún deles.
5. Non está permitido **mover as presas do seu emprazamento.**
6. As persoas usuarias **deberán comunicar inmediatamente ao club calquera deterioro, defecto do rocódromo ou rotura de presa** para seu estudo e reparación en caso necesario.
7. No se poderán introducir materiais que podan deteriorar ou impidan o uso das vías de escalada.
8. **Está prohibido fumar, comer e introducir recipientes de cristal, así como bebidas alcólicas.**
9. **Non se poderán introducir animais nas instalacións.**
10. **O Club Alpino Ourense non se fai responsable** das consecuencias derivadas dunha **incorrecta utilización do rocódromo.**
11. **Toda persona usuaria da instalación** será escaladora con formación e experiencia suficiente e **coñecedora dos riscos inherentes á práctica do deporte da escalada.**
12. Estas Normas de Uso serán de **obrigado cumprimento** para as persoas que escalen dentro do horario do CAM. O seu incumprimento poderá ser sancionado segundo estableza a Xunta Directiva do Club.
13. **Seguir en todo momento o protocolo FIXIOCOVID DXT GALEGO-para escalada deportiva** [Federación Galega de Montañismo – FGM \(fedgalmon.gal\)](http://fedgalmon.gal)

A Xunta Directiva do Club Alpino Ourense

Ourense, 1 de marzo de 2021